

Morrazo

REVISTA DE ARTE

E. Alfonso Fernández Sotelo

03/2019



CAMILO CAMAÑO XESTIDO
POETA DE LO COTIDIANO · POETA DO COTIÁ

Morrazo

REVISTA DE ARTE

E. Alfonso Fernández Sotelo

03/2019

CAMILO CAMAÑO XESTIDO
POETA DE LO COTIDIANO · POETA DO COTIÁ

MORRAZO, REVISTA DE ARTE

Nº 3 - Año 2019

PUBLICACIÓN BILINGÜE: CASTELLANO / GALEGO

Publicación discrecional.

Dirección y textos: Emilio Alfonso Fernández Sotelo

Obra: Camilo Camaño Xestido

Portada: *No furancho do Pisco*, 2018

Revisión de textos: Xosé Manuel Pazos Varela

Archivo fotográfico: Borja Brun

Diseño y maquetación: Beatriz Giráldez - *bybe*

Edita: Asociación Cultural San Andrés - Hío

Ninguna parte de este libro puede ser reproducida, almacenada en un sistema informático o transmitida de cualquier forma o por cualquier medio electrónico, mecánico, fotocopia, grabación u otros medios, sin la previa autorización escrita del autor.

ISBN: 978-84-091-17126-2

Depósito Legal: PO 163-2015

ÍNDICE

- 05 PORTADA
P O R T A D A
- 06 PRESENTACIÓN
P R E S E N T A C I Ó N
- 09 INTRODUCCIÓN
I N T R O D U C I Ó N
- EL ARTE DE LO COTIDIANO
A ARTE DO COTIÁ
obra nº 1
- 23 SUGERENCIAS DE LA NATURALEZA
Y DE LA VIDA MISMA
SUXESTIÓNS DA NATUREZA E DA VIDA MESMA
obras nº 2-12
- 35 FLORERO, BOTELLA, COPA-VASO, FRUTAS
FLOREIRO, BOTELLA, COPA-VASO, FROITAS
obras nº 13 - 21
- 47 LA MESA | TRABAJANDO LA PERSPECTIVA · I
A MESA | TRABALLANDO A PERSPECTIVA · I
obras nº 22 - 33
- 65 LA VENTANA | TRABAJANDO LA PERSPECTIVA · II
A XANELA | TRABALLANDO A PERSPECTIVA · II
obras nº 34 - 44
- 85 ¿QUÉ VES DESDE LA VENTANA?
QUE VES DESDE A XANELA?
obras nº 45 - 59
- 101 SEMBLANZA | UNA FLOR EN EL OJAL
SEMBLANZA | UNHA FLOR NO OLLAL
- 105 EPÍLOGO
- 111 GALERÍA



PORTADA

“EL ÉXITO DE LA PINTURA DE FLORES, QUE OCUPA UN ESPACIO RELEVANTE EN EL ÁMBITO DEL GÉNERO DE LA NATURALEZA MUERTA, CONSTITUYE EL REFLEJO DE UN SINGULAR FENÓMENO QUE SE PRODUCE ENTRE MEDIADOS DEL SIGLO XVI Y LAS PRIMERAS DÉCADAS DEL SIGLO XVII, CUANDO EL PANORAMA VEGETAL CENTROEUROPEO Y MEDITERRÁNEO SE VIO PROFUNDAMENTE MODIFICADO POR LA LLEGADA DE ESPECIES DEL NUEVO MUNDO, ASÍ COMO POR UNA IMPORTANTE LLEGADA DE BULBOS DE LA PENÍNSULA BALCÁNICA Y DE ASIA ORIENTAL...”

“DESDE ENTONCES LOS TULIPANES Y TAMBIÉN LAS FRITILARIAS, LOS LIRIOS BLANCOS, LOS LIRIOS CÁRDENOS Y LOS NARCISOS FUERON BUSCADOS Y CULTIVADOS EN TODOS JARDINES EUROPEOS, CONVIRTIÉNDOSE EN OBJETO DE ESTUDIO Y EXPERIMENTACIÓN HORTÍCOLA AL OBJETO DE OBTENER NUEVAS Y MÁS ASOMBROSAS VARIEDADES”.

“ADEMÁS DE SUSCITAR INTERÉS DE LOS ESPECIALISTAS, ESTAS PLANTAS EMPEZARON A SER BUSCADAS POR UN PÚBLICO MÁS VASTO QUE REÚNE , JUNTO A LOS BOTÁNICOS Y PRIMEROS FLORICULTORES, A LOS NOBLES DUEÑOS DE JARDINES A LA MODA Y TAMBIÉN A LOS ARTISTAS. DE HECHO, SE VALEN DE LOS FLORILEGIOS CADA VEZ MÁS A MENUDO LOS PINTORES DE FLOREEROS PARA SUPLIR LA CARENCIA DE FLORES FRESCAS”.

“O ÉXITO DA PINTURA DE FLORES, QUE OCUPA UN ESPAZO RELEVANTE NO ÁMBITO DO XÉNERO DA NATUREZA MORTA, CONSTITÚE O REFLEXO DUN SINGULAR FENÓMENO QUE SE PRODUCE ENTRE MEDIADOS DO SÉCULO XVI E AS PRIMEIRAS DÉCADAS DO SÉCULO XVII, CANDO O PANORAMA VEXETAL CENTROEUROPEO E MEDITERRÁNEO SE VIU PROFUNDAMENTE MODIFICADO POLA CHEGADA DE ESPECIES DO NOVO MUNDO, ASÍ COMO POR UNHA IMPORTANTE CHEGADA DE BULBOS DA PENÍNSULA BALCÁNICA E DE ASIA ORIENTAL...”

“DENDE ENTÓN OS TULIPÁNS E TAMÉN AS FRITILARIAS, OS LIRIOS BRANCOS, OS LIRIOS CÁRDENOS E OS NARCISOS FORON BUSCADOS E CULTIVADOS EN TODOS OS XARDÍNS EUROPEOS, CONVERTÉNDOSE EN OBXECTO DE ESTUDO E EXPERIMENTACIÓN HORTÍCOLA CO OBXECTO DE OBTEN NOVAS E MÁIS ABRAIANTES VARIEDADES”.

“ADEMAIS DE ESPERTAR INTERESE DOS ESPECIALISTAS, ESTAS PLANTAS EMPEZARON A SER BUSCADAS POR UN PÚBLICO MÁIS VASTO QUE REÚNE, XUNTO AOS BOTÁNICOS AOS PRIMEIROS FLORICULTORES, AOS NOBRES DONOS DE XARDÍNS Á MODA E TAMÉN AOS ARTISTAS. DE FEITO, VÁLENSE DOS FLORILEXIOS CADA VEZ MÁIS A MIÚDO OS PINTORES DE FLOREIROS PARA SUPLIR A CARENCIA DE FLORES FRESCAS”.

P R E S E N

Alguien me insinuó muy discretamente que parecía más interesado en mostrar la obra pictórica menos relevante de Camilo Camaño Xestido, como los retratos y la que suele denominarse 'bodegones', en vez de las creaciones que cualquier historiador del Arte preferiría. Mi respuesta fue que intentaba conocer primero al artista, trabajando en la absoluta soledad de su estudio, comprobar la destreza de quien posee 'el oficio' aprendido, que le capacitará para realizar grandes proyectos o trazar delicadas trayectorias dentro del Arte en plena libertad, eligiendo y cultivando lo esencial y perenne y rechazando lo superficial e inconsistente.

Es como si 'ese alguien' tuviera prisa, y me urgiera dedicarme a aquella obra que está en boca de muchos, y es la que determinará la grandeza del artista, tras la criba del tiempo inexorable.

Lo que buscaba no era el compromiso ante uno mismo y los demás, sino los efectos del trabajo en libertad, la espontaneidad, la humildad... Después de la ejecutoria comprometida, surge el cansancio y la necesidad del reposo. El artista necesita recluirse en su yo más íntimo, abandonar las turbaciones de su intimidad para abandonarse a lo que parece intrascendente y aparentemente efímero. Si yo, nosotros, cualquier contemplador de 'su obra menor', como le han catalogado, fuéramos captando lo que esta obra tiene de trascendente, advertiríamos que estábamos descubriendo cada recoveco del alma del artista, sus tiempos expresados a través de unos cuantos trazos rápidos y seguros, según la ocasión, y unas pocas manchas de colores, elegidos al imperio de la improvisación.

¡Lo que interesa primero, es descubrir el alma del artista!....

Y la ocasión surge en las postrimerías de una reunión, sobre cualquier papel, servilleta, bandeja de pasteles, la pared blanca del local frecuentado, algo ennegrecida por el humo de los cigarrillos y la huella del tiempo. Con ello demuestra el oficio que los años y la experiencia han acumulado. Y si la ocasión no llega, el artista la procurará, dominado por aquella exigencia: '*no dejes pasar un día sin una línea*', que aconsejaban los clásicos a sus alumnos.

T A C I Ó N

Emilio Alfonso Fernández Sotelo

Alguén me insinuou moi discretamente que parecía máis interesado en mostrar a obra pictórica menos relevante de Camilo Camaño Xestido, como os retratos e a que adoita denominarse 'bodegóns', no canto das creacións que calquera historiador da arte preferiría. A miña resposta foi que tentaba coñecer primeiro ao artista, traballando na absoluta soidade do seu estudo, comprobar a destreza de quen posúe 'o oficio' aprendido, que o capacitará para realizar grandes proxectos ou trazar delicadas traxectorias dentro da arte en plena liberdade, elixindo e cultivando o esencial e perenne e rexeitando o superficial e inconsistente.

É mesmo coma se 'ese alguén' tivese présa, e me urxíse o dedicarme a aquela obra que está na boca de moitos, e é a que determinará a grandeza do artista, tras a peneira do tempo inexorable. O que buscaba non era o compromiso ante un mesmo e os demais, senón os efectos do traballo en liberdade, a espontaneidade, a humildade...

Despois da executoria comprometida, xorde o cansazo e a necesidade de repouso. O artista necesita recluírse no seu eu máis íntimo, abandonar as turbacións da súa intimidade para abandonarse ao que parece intranscendente e aparentemente efémero. Se eu, nós, calquera contemplador de 'a súa obra menor', como lle catalogaron, fósemos captando o que esta obra ten de transcendente, advertiríamos que estabamos a descubrir cada recuncho da alma do artista, os seus tempos expresados a través duns cantos trazos rápidos e seguros, segundo a ocasión, e unhas poucas manchas de cores, elixidos ao imperio da improvisación.

O que interesa primeiro, é descubrir a alma do artista!....

E a ocasión xorde nas postrimerías dunha reunión, sobre calquera papel, pano de mesa, bandexa de pasteis, a parede branca do local frecuentado, algo ennegrecida polo fume dos cigarros e a pegada do tempo. Con iso demostra o oficio que os anos e a experiencia acumularon. E se a ocasión non chega, o artista procuraraa, dominado por aquela esixencia: '*non deixes pasar un día sen unha liña*', que aconsellaban os clásicos aos seus alumnos.

INTRODUCCIÓN

INTRODUCCIÓN

El mismo Camilo Camaño Xestido rotuló algún cuadro seleccionado para esta revista número 3 como *Naturaleza muerta* (nº27). Con lo cual parece indicar que al menos algunos de sus cuadros pueden considerarse dentro de este género pictórico. Pero no creo que el artista se hubiera parado a reflexionar si su obra obedecía a unos criterios determinados y a una intencionalidad al ejecutarla.

Yo no lo creo así y lo explicaré: toda esta actividad artística de C.C.X. se concentra en un estado de ánimo, actividad temporal, y a un hábito surgido del oficio que lo domina. De aquí pasa en cualquier instante de sosiego, o pausa, al *'ningún día sin una línea'*, ya recordado. Es decir, cualquier momento es

O mesmo Camilo Camaño Xestido rotulou algún cadro seleccionado para esta revista número 3, como *Natureza morta* (nº27). Co cal parece indicar que polo menos algúns dos seus cadros poden considerarse dentro deste xénero pictórico. Pero non creo que o artista se tivese parado a reflexionar se a súa obra obedecía a uns criterios determinados e a unha intencionalidade ao executala.

Eu non o creo así e explicareino: toda esta actividade artística de C.C.X. concéntrase nun estado de ánimo, actividade temporal, e a un hábito xurdido do oficio que o domina. De aquí pasa en calquera instante de acougo, ou pausa, ao *'ningún día sen unha liña'*, xa lembrado. É

idóneo para trazar quimeras sobre el papel o cualquier otro soporte por inadecuado que parezca, con trazos seguros, vigorosos y sugerentes manchas de colores para describir una realidad.

Aunque tengo la intención de marginar teorías e interpretaciones, para interesarme sólo por el hecho pictórico, debo señalar mi desacuerdo con algunas calificaciones sobre esta actividad artística: *Still lifes* (inglés), *Natures mortes* (francés), *Bodegones* (español).

Aceptando la expresión *bodegón*, o *naturaleza muerta*, esta actividad pictórica se convierte en 'género' a partir de mediados del siglo XVII. Con unas notas muy peculiares, tanto en el ambiente social en el que conviven clientes y artistas, y la complicidad de otras técnicas y valoraciones artísticas. Ambas determinarán el resultado de la obra que aceptamos como género pictórico, o género artístico, y que como tal fue perfilándose ya en el siglo XVI, pero que se desarrolló copiosamente durante los siglos XVII, XVIII y XIX.

Centros productores: Países Bajos y muy reconocidos representantes españoles. Grandes coordenadas en las que coinciden los artistas que cultivaron este género pictórico. Es muy conveniente conocer sus características para darnos cuenta en qué mundo tan diferente se

dicir, calquera momento é idóneo para trazar quimeras sobre o papel ou calquera outro soporte por inaxeiado que pareza, con trazos seguros, vigorosos e suxestivas manchas de cores para describir unha realidade.

Aínda que teño a intención de marginar teorías e interpretacións, para interesarme só polo feito pictórico, debo sinalar o meu desacordo con algunhas cualificacións sobre esta actividade artística: *Still lifes* (inglés), *Natures mortes* (francés), *Bodegóns* (español).

Aceptando a expresión *bodegón*, ou *natureza morta*, esta actividade pictórica convértese en 'xénero' a partir de mediados do século XVII. Cunhas notas moi peculiares, tanto no ambiente social no que conviven clientes e artistas, e a complicidade doutras técnicas e valoracións artísticas. Ambas determinarán o resultado da obra que aceptamos como xénero pictórico, ou xénero artístico, e que como tal foi perfilándose xa no século XVI, pero que se desenvolveu copiosamente durante os séculos XVII, XVIII e XIX.

Centros produtores: Países Baixos e moi recoñecidos representantes españois. Grandes coordenadas nas que coinciden os artistas que culti-

“Su obra surge espontánea, imprevisible, sin intencionalidad previa, incluso las reivindicativas (...) para denunciar injusticias o exigir atención en la conservación de la naturaleza.

desarrolla esta obra de C.C.X. y situar ambas sobre caminos paralelos y no convergentes. Aunque al final, debemos rendirnos y aceptar que ‘todo es Arte’.

Punto de partida: no entraré en aspectos simbólicos y su interpretación, si la tuvieran; no me interesa para lo que pretendo demostrar aquí y ahora y porque no se encuentra esa carga simbólica en la obra de C.C.X.

Falta la intencionalidad o la voluntad que mueve al artista en sus creaciones. Lo primero que piensa el artista de ‘bodegones’ es en la personalidad de un concreto comprador de su obra: hará satisfacer su vanidad, significada en sus manifestaciones de poder económico, miembro de una clase social enriquecida por el comercio. Y frente a esta actitud de hartazgo, la necesidad del artista de subsistir, que le obliga a dedicarse a un género mal pagado y considerado como ‘obra menor’. Es decir, el escalón inferior de la actividad artística.

varon este xénero pictórico. É moi conveniente coñecer as súas características para dámonos conta en que mundo tan diferente se desenvolve esta obra de C.C.X. e situar ambas de sobre camiños paralelos e non converxentes. Aínda que ao final, debemos rendernos e aceptar que ‘todo é Arte’.

Punto de partida: non entrarei en aspectos simbólicos e a súa interpretación, se a tivesen; non me interesa para o que pretendo demostrar aquí e agora e porque non se atopa esa carga simbólica na obra de C.C.X.

Falta a intencionalidade ou a vontade que move ao artista nas súas creacións. O primeiro que pensa o artista de ‘bodegóns’ é na personalidade dun concreto comprador da súa obra: fará satisfacer a súa vaidade, significada nas súas manifestacións de poder económico, membro dunha clase social enriquecida polo comercio. E fronte a esta actitude de fartura, a necesidade do artista de subsistir, que lle obriga a dedicarse a un xénero mal pago e considerado como ‘obra menor’. É dicir, o chanzo inferior da actividade artística.

Hai dous tipos de persoas que se cruzan e se atopan en determinadas ocasións: un posible comprador so-

Hay dos tipos de personas que se cruzan y se encuentran en determinadas ocasiones: un posible comprador socialmente encumbrado, que necesita expresar y mostrar su poder y el artista, quien para subsistir debe dedicar tiempo e ingenio a un género pictórico desprestigiado. No es el caso de C.C.X., como veremos más adelante. El compromiso es únicamente consigo mismo, sin motivaciones externas que lo impulsen. Ni siquiera hay una amplia selección de objetos naturales que pueden colocarse sobre la mesa. Lo que caracteriza a este género pictórico, que produce 'bodegones', es el naturalismo de los objetos, reproducidos con el mayor grado de fidelidad. Hasta el punto que el pintor pretende con su virtuosismo no sólo crear fidelísimas imitaciones, reales o imaginadas, sino también engañar el ojo del contemplador. Es la capacidad de confundir lo real con lo pintado.

Recuerdo el cuadro de un joven pintor malagueño que expuso en Ceuta (el suceso me queda muy atrás para recordar el tiempo y el nombre del artista), el cual presentó un cuadro reproduciendo una manzana, verde y listas rojizas, sobre un fondo neutro, negro, y en lo más alto de la manzana una gota de agua a punto de deslizarse por la piel resbaladiza de la fruta. O, al menos, esta era la sensación que experimentaba el contemplador. Pero la gota permanecía inalterable en

cialmente encumbrado, que necesita expresar e mostrar o seu poder e o artista, que para subsistir ha dedicar tempo e enxeño a un xénero pictórico desprestixiado. Non é o caso de C.C.X., como veremos máis adiante. O compromiso é unicamente consigo mesmo, sen motivacións externas que o impulsen. Nin sequera hai unha ampla selección de obxectos naturais que poden colocarse sobre a mesa. O que caracteriza a este xénero pictórico, que produce 'bodegóns', é o naturalismo dos obxectos, reproducidos co maior grao de fidelidade. Ata o punto que o pintor pretende co seu virtuosismo non só crear fidelísimas imitacións, reais ou imaxinadas, senón tamén enganar o ollo do contemplador. É a capacidade de confundir o real co pintado.

Lembro o cadro dun novo pintor malagueño que expuxo en Ceuta (o suceso quédame moi atrás para lembrar o tempo e o nome do artista), o cal presentou un cadro reproducindo unha mazá, verde e con listas avermelladas, sobre un fondo neutro, negro, e no máis alto da mazá unha pinga de auga a piques de escorregar pola pel esvaradía da froita. Ou, polo menos, esta era a sensación que experimentaba o contemplador. Pero a pinga permanecía invariable no mesmo lugar. Era o cadro máis

“El soporte será papel o cartón, ya usado y no muy aseado, coloreado con café, vino tinto o carbón (...).”

el mismo lugar. Era el cuadro más contemplado y admirado por aquella prodigiosa representación.

Lo que acabo de anotar no coincide con C.C.X. Lo que pretende el artista de ‘bodegones’ es demostrar su capacidad artística para reproducir exactamente los objetos reales. Y asombrar al contemplador de su obra. Por el contrario, C.C.X., partiendo de la realidad y recludose en si mismo (subjetivismo), sólo pretende aflorar sensaciones por la representación de objetos sencillos y comunes, que revelan estados de ánimo con la ayuda de los colores adecuados o la ausencia de otros. Comprobaremos cómo diferentes matices coloristas expresan mejor las diversas situaciones anímicas.

Otro extremo del que debemos excluir a C.C.X. se refiere a algunas características del ‘bodegón español’: realista, simbolista y especulativo, dejando para la *vanitas* el aspecto didáctico e incluyendo, en ocasiones, el carácter propagandístico.

La obra de C.C.X. surge espontánea, imprevisible, sin intencionalidad previa, incluso aquellas que son reivindicativas,

contemplado e admirado por aquella prodigiosa representación.

O que acabo de anotar non coincide con C.C.X. O que pretende o artista de ‘bodegóns’ é demostrar a súa capacidade artística para reproducir exactamente os obxectos reais. E abraiar ao contemplador da súa obra. Pola contra, C.C.X., partindo da realidade e recludose en si mesmo (subxectivismo), só pretende aflorar sensacións pola representación de obxectos sinxelos e comúns, que revelan estados de ánimo coa axuda das cores adecuadas ou a ausencia doutras. Comprobaremos como diferentes matices coloristas expresan mellor as diversas situacións anímicas.

Outro extremo do que debemos excluir a C.C.X. refírese a algunhas características do ‘bodegón español’: realista, simbolista e especulativo, deixando para a *vanitas* o aspecto didáctico e incluíndo, en ocasións, o carácter propagandístico.

A obra de C.C.X. xorde espontánea, imprevisible, sen intencionalidade previa, mesmo aquelas que son reivindicativas, porque varios artistas reúnen para denunciar algunha inxustiza ou para esixir máis atención na conservación da natureza, etc. Cada artista dispoñe-

porque varios artistas se reúnen para denunciar alguna injusticia o para exigir más atención en la conservación de la naturaleza, etc. Cada artista dispondrá de un soporte en blanco para que exprese lo que siente y manifieste la repulsa que merecen algunas actuaciones de sus semejantes. Otras veces las reuniones serán festivas y concluyen dejando constancia de tal acontecimiento. Un cuadro aquí reproducido (G-36) contiene el texto siguiente: *'Una tarde de troula, verbo e arte, con Veiga e Triunfo'*.

rá dun soporte en branco para que exprese o que sente e manifieste a repulsa que merecen algunhas actuacións dos seus semellantes. Outras veces as reunións serán festivas e conclúen deixando constancia de tal acontecemento. Un cadro aquí reproducido (G-36) contén o texto seguinte: *'Unha tarde de troula, verbo e arte, con Veiga e Triunfo'*.

O soporte será calquera papel ou cartón, xa usado e non moi aseado

“El artista parte de la realidad para sugerir nuevas realidades (...) Espontaneidad frente a minuciosidad.”

El soporte será cualquier papel o cartón, ya usado y no muy aseado y coloreado con café, vino tinto o carbón, sobre trazos de cualquier rotulador, alma y sostén de la naturaleza representada. Todo ocurre según los impulsos de un oficio en permanente tensión.

e coloreado con café, viño tinto ou carbón, sobre trazos de calquera rotulador, espírito e sostén da natureza representada. Todo ocorre segundo os impulsos dun oficio en permanente tensión.

Todavía podemos insistir en el virtuosismo que demuestran los pintores de 'bodegones': deben buscar y conseguir la exactitud de un botánico y la glorificación de la belleza de la naturaleza. Y esto es aplicable también al pájaro que yace muerto sobre el ángulo profundo

Aínda podemos insistir no virtuosismo que amosan os pintores de 'bodegóns': deben buscar e conseguir a exactitude dun botánico e a glorificación da beleza da natureza. E isto é aplicable tamén ao paxaro que xace morto sobre o ángulo profundo da mesa, ou ao can que

de la mesa, o el perro que dormita en algún rincón, para orgullo del amo.

Frente a esta manera de entender esta actividad pictórica, la de copiar rigurosamente la realidad, C.C.X. parte de esta misma realidad para sugerir nuevas realidades. No están ejecutadas para entusiasmar al contemplador, ni con la pretensión de engañar el ojo humano, sino para conseguir una íntima satisfacción, porque lo que pretende es recuperar el sosiego necesario para seguir creando, sentirse feliz con los trazos seguros y los colores que el sentimiento predispone. Es decir, espontaneidad frente a minuciosidad.

Los artistas del género elegían para sus creaciones las piezas más variadas y ricas en extraños y vibrantes colorismos, porque tenían que representar la exuberancia como principal objetivo del cuadro. Las flores eran elegidas por sus cualidades plásticas y el valor de los colores. *'No más que bonitas menciones vacías de contenido'*, se dijo, aunque pueden encerrar su propio simbolismo. No importa su vigencia temporal o natural; lo que importa es la riqueza plástica manifestada en la composición. Puede ser una flor que surge en abril, o en junio, o en otoño... No importa: todas juntas aparecerán al ojo del contemplador como un conjunto soñado e inimaginable. Es la glo-

dormita nalgún recuncho, para fachenda do amo.

Fronte a esta maneira de entender esta actividade pictórica, a de copiar rigorosamente a realidade, C.C.X. parte desta mesma realidade para suxerir novas realidades. Non están executadas para entusiasmar ao contemplador, nin coa pretensión de enganar o ollo humano, senón para conseguir unha íntima satisfacción, porque o que pretende é recuperar o acougo necesario para seguir creando, sentirse feliz cos trazos seguros e as cores que o sentimento predispón. É dicir, espontaneidade fronte a minuciosidade.

Os artistas do xénero elixían para as súas creacións as pezas máis variadas e ricas en estranos e vibrantes colorismos, porque tiñan que representar a exuberancia como principal obxectivo do cadro. As flores eran elixidas polas súas calidades plásticas e o valor das cores. *'Non máis que bonitas mencións baleiras de contido'*, díxose, aínda que poden agochar o seu propio simbolismo. Non importa a súa vixencia temporal ou natural; o que importa é a riqueza plástica manifestada na composición. Pode ser unha flor que xorde en abril, ou en xuño, ou no outono... Non importa: todas xuntas

rificación de la belleza natural asociada a la exactitud botánica.

Los pintores del género compiten con los botánicos. Y deben conseguir la exaltación de la función decorativa, del deleite y de la complacencia.

Sin embargo, la obra de C.C.X. se debe a una composición sencilla, con flores cultivadas frecuentemente o bajo la combinación de dos elementos naturales, muy conocidos, ninguna tendencia a lo exótico, y son muy queridas por el artista las florecillas silvestres, que al aparecer en un bien organizado ramillete, interesa más el color armoniosamente distribuido en sus tonalidades diversas, buscando siempre lo sencillo, lo cotidiano, aquello que ilumina la mirada de un poeta, imbricado todo por una tenue luz que marca suavemente los contornos, y transmite sugerencias, que es el camino elegido por la pintura moderna desde los impresionistas.

Para ratificar lo escrito hasta aquí, me propongo seleccionar la obra pictórica de C.C.X., que comienza con la exaltación de la naturaleza a través de la infancia y de todos los ramilletes posibles de rosas rojas como las que la niña muestra al contemplador (nº2), *Exaltación de la naturaleza y de la vida misma* (nºs 2 - 12); se mantiene con la presencia de objetos inanimados, *Florero, botella,*

“Cada obra es un universo cerrado dentro del cual las experiencias artísticas son una mera aventura del espíritu.”

aparecerán ao ollo do contemplador como un conxunto soñado e inimaxinable. É a glorificación da beleza natural asociada á exactitude botánica.

Os pintores do xénero compiten cos botánicos. E deben conseguir a exaltación da función decorativa, do deleite e da compracencia.

Con todo, a obra de C.C.X. débese a unha composición sinxela, con flores cultivadas a miúdo ou baixo a combinación de dous elementos naturais, moi coñecidos, ningunha tendencia ao exótico, e son moi queridas polo artista as florciñas silvestres, que ao aparecer nun ben organizado ramallete, interesa máis a cor harmoniosamente distribuída nas súas tonalidades diversas, buscando sempre o sinxelo, o cotián, aquilo que ilumina a mirada dun poeta, imbricado todo por unha tenue luz que marca suavemente os contornos, e transmite suxestións, que é o camiño elixido pola pintura moderna dende os impresionistas.

Para ratificar o escrito ata aquí, propóñome seleccionar a obra pictórica

vasos-copas y frutas (n^{os} 13-21); dentro de un espacio interior, *Trabajando la perspectiva I* (n^{os} 22-33) o para insistir en lo mismo pero con la presencia de un elemento nuevo y muy importante, como es la ventana, *Trabajando la perspectiva II* (n^{os} 34-44) y modificando radicalmente la intención, sin cabida para la complacencia, marca la exigencia del respeto por la naturaleza que podemos contemplar desde la ventana, *¿Qué ves desde la ventana?*, (n^{os} 45-59) y la inabarcable sensación de sentirse pequeño frente a la inmensidad. Ahora el artista es incapaz de abarcar, de dominar, la naturaleza, que intentó recluirla en espacios cerrados para su complacencia... Ahora el artista querrá interpretar con trazos y colores lo que la naturaleza le sugiere, expresada como paisaje.

Al mismo tiempo, advierto que no estableceré etapas cronológicas para justificar modificaciones estilísticas, que pueden parecer evoluciones debidas al tiempo y a la experiencia. Para C.C.X todo es fruto de un instante, del estado de ánimo, de las circunstancias varias... Por esta razón, creo con el Sr. Camón Aznar, que *'cada obra es un universo cerrado, dentro del cual las experiencias artísticas son una mera aventura del espíritu'* (ABC, 1971).

Así comprenderemos que C.C.X. es un artista esencialmente empírico. No es

de C. C. X., que comeza coa exaltación da natureza a través da infancia e de todos os ramalletes posibles de rosas vermellas, como as que a nena amosa ao contemplador (n^o 2), *Exaltación da natureza e da vida mesma* (n^{os} 2-12); mantense coa presenza de obxectos inanimados, *Floreiro, botella, vasos-copas e froitas* (n^{os} 13-21); dentro dun espazo interior, *Traballando a perspectiva I*, (n^{os} 22-33) ou para insistir no mesmo pero coa presenza dun elemento novo e moi importante, como é a xanela, *Traballando a perspectiva II*, (n^{os} 34-44) e modificando radicalmente a intención, sen cabida para a complacencia, marca a esixencia do respecto pola natureza que podemos contemplar dende a xanela, *Que ves desde a xanela?*, (n^{os} 45 - 59) e a inabarcable sensación de sentirse pequeno fronte á inmensidade. Agora o artista é incapaz de abranguer, de dominar, a natureza, que tentou recluirla en espazos pechados para a súa complacencia... Agora o artista querrá interpretar con trazos e cores o que a natureza lle suxire, expresada como paisaxe.

Ao mesmo tempo, advirto que non estableceré etapas cronolóxicas para xustificar modificacións estilísticas, que poden parecer evolucións debidas ao tempo e á experiencia.

un teórico que ha elaborado algún sistema para aplicarlo a su pintura. En cualquier caso, puedo afirmar que su obra se sostiene sobre dos pilares: trabajo y experiencia. Y, también, auto exigencia. Es decir, oficio y disciplina.

Para C.C.X. todo é froito dun instante, do estado de ánimo, das circunstancias varias... Por esta razón, creo co Sr. Camón Aznar, que *'cada obra é un universo pechado, dentro do cal as experiencias artísticas son unha mera aventura do espírito'* (ABC, 1971).

Así comprenderemos que C.C.X. é un artista esencialmente empírico. Non é un teórico que elaborou algún sistema para aplicalo á súa pintura. En calquera caso, podo afirmar que a súa obra sostense sobre dous alicerces: traballo e experiencia. E, tamén, auto esixencia. É dicir, oficio e disciplina.



EL ARTE DE LO COTIDIANO
A ARTE DO COTIÁ





SUGERENCIAS DE LA NATURALEZA Y DE LA VIDA MISMA

SUXESTIÓNS DA NATUREZA E DA VIDA MESMA

Parto del mismo hecho artístico para presentar esta obra de Camilo Camaño Xestido, y para ello ninguna idea mejor que la de Dionisio Ridruejo (1974) sobre la naturaleza del Arte o de una de sus peculiaridades más influyentes: *‘El realismo no es una moda, sino una constante. Se va y vuelve. Coexiste con otras tendencias que también son constantes y debería ser juzgado, como aquellas, según su propia ley y no la preceptiva del momento’*.

Ridruejo opinaba sobre el ‘hecho literario’, que es igualmente válido para el Arte, y en este caso para el ‘hecho pictórico’. Porque en esta opinión encaja toda la

Parto do mesmo feito artístico para presentar esta obra de Camilo Camaño Xestido, e para iso ningunha idea mellor que a de Dionisio Ridruejo (1974) sobre a natureza da arte ou dunha das súas peculiaridades máis influíntes: *‘O realismo non é unha moda, senón unha constante. Vaise e volve. Coexiste con outras tendencias que tamén son constantes e debería ser xulgado, como aquelas, segundo a súa propia lei e non a preceptiva do momento’*.

Ridruejo opinaba sobre o ‘feito literario’, que é igualmente válido para a arte, e neste caso para o ‘feito pictórico’. Porque nesta opinión encaixa toda

obra de este artista, quien experimenta con creaciones de diferentes estilos surgidos en el arte moderno, pero siempre regresa al punto de partida: el realismo.

Comienzo esta relación de estampas naturales con la presentación de *Niña con ramo de flores rojas* (nº2), que recogió de la campiña en mañana de primavera, sobre todo por el color de las mismas, donde radica, junto con el olor, el misterio de la vida en la naturaleza. Y del exterior, pretende la niña que el misterio perdure en el interior de su vivienda, donde son tan necesarios los colores. Se trata de un retrato, pero indica el camino que puede seguir un manojito de flores: de la naturaleza a reinar en un interior para disfrute de la persona, que para eso fueron creadas todas las cosas bellas.

Entre más de 300 obras, he seleccionado algunas, pero suficientes, para descubrir lo que C.C.X. ha pretendido sugerirnos, al mismo tiempo que nos transmitía su estado de ánimo. Lo explicaré. No se enciende una luz para colocarla debajo de la cama, ni se ejecuta la plenitud y sencilla orgía de colores normales: blanco, rosa, amarillo, verde, rojo, para guardarlos para siempre en

a obra deste artista, quen experimenta con creacións de diferentes estilos xurdidos na arte moderna, pero sempre regresa ao momento de partida: o realismo.

Comezo esta relación de estampas naturais coa presentación de *Nena con ramo de flores vermellas* (nº2), que colleu da campiña en mañá de primavera, sobre todo pola cor das mesmas, onde radica, xunto co cheiro, o misterio da vida na natureza. E do exterior, pretende a nena que o misterio perdure no interior da súa vivenda, onde son tan necesarias as cores. Trátase dun retrato, pero indica o camiño que pode seguir un feixe de flores: da natureza para reinar nun interior para goce da persoa, que para iso foron creadas todas as cousas belas.

Entre máis de 300 obras, seleccionei algunhas, pero suficientes, para descubrir o que C.C.X. pretendeu suxerirnos, ao mesmo tempo que nos transmitía o seu estado de ánimo. Explicareino. Non se acende unha luz para colocala debaixo da cama, nin se executa a plenitude e sinxela orxía de cores normais: branco, rosa, amarelo, verde,

03 | *Florero, 1. Disfrutando la primavera*
Floreiro, 1. Gozando a primavera
Técnica mixta S/C. 30 x 25 cm. 1980



una carpeta, con la posibilidad de que en algún momento alguien los despierte de su letargo, como el arpa de Bécquer, y la luz que casi siempre llega de frente o desde la derecha, retorne a la vida las florecillas, cual firmamento de estrellas de segunda categoría y luzcan sobre un fondo más o menos neutro, según convenga a la euforia anímica del artista. Por eso utilizará una luz caliente (n^{os} 1-4), porque pretende transmitir, a través de las florecillas más silvestres, que la naturaleza produce, la belleza de lo cotidiano, surgiendo del manto vegetal agresivamente verde, para que las contemplen y las disfruten personas sencillas y humildes, como los buenos poetas, que reconocen en su obra la dificultad de captar y reproducir la perfección .

Entiéndase bien, C.C.X. no trata de reproducir excelentes y extraños ejemplares de flores, solas o en compañía de otros objetos, para entusiasmo y estupor del contemplador de su obra, sino de sugerir sensaciones según su estado de ánimo, según se encuentre satisfecho o deprimido, según el día. En estos trabajos el artista descubre su mundo más íntimo y se recluye en su yo. Es *'el artista encerrado en su alma'*, que decía José Camón Aznar. Todos estos efluvios poéticos tienen

vermello, para gardalos para sempre nun cartafol, coa posibilidade de que nalgún momento alguén os esperte do seu letargo, como a arpa de Bécquer, e a luz que case sempre chega de fronte ou dende a dereita, retorne á vida as florciñas, cal firmamento de estrelas de segunda categoría e luzan sobre un fondo máis ou menos neutro, segundo conveña á euforia anímica do artista. Por iso utilizará unha luz quente (n^{os} 1-4), porque pretende transmitir, a través das florciñas máis silvestres que a natureza produce, a beleza do cotián, xurdindo do manto vexetal agresivamente verde, para que as contemplen e as gocen persoas sinxelas e humildes, como os bos poetas, que recoñecen na súa obra a dificultade de captar e reproducir a perfección.

Enténdase ben, C.C.X. non trata de reproducir excelentes e estranos exemplares de flores, soas ou en compañía doutros obxectos, para entusiasmo e estupor do contemplador da súa obra, senón de suxerir sensacións segundo o seu estado de ánimo, segundo se atope satisfeito ou deprimido, segundo o día. Nestes traballos o artista descobre o seu mundo máis íntimo e reclúese no seu eu. É *'o ar-*

04 | *Florero, 2. Sintiendo la primavera*
Floreiro, 2. Sentindo a primavera
Técnica mixta S/L. 30 x 23 cm. C.1990

06 | *Florero, 4. Jarrón con flores*
Floreiro, 4. Vaso con flores
Técnica mixta S/T., 62 x 51 cm. 2009

05 | *Florero, 3. Porción de primavera*
Floreiro, 3. Porción de primavera
Técnica mixta S/C. 75 x 50 cm. C.1980

07 | *Suspiros de primavera en amarillo*
Suspiros de primavera en amarelo
Técnica mixta S/C. 50 x 34 cm. C.1980





que ver con la emoción personal experimentada en instantes concretos y acaso, irrepetibles. Y no descartemos, sino todo lo contrario, que la interpretación de la naturaleza que presenta C.C.X., a través de la obra seleccionada para esta ocasión, se debe al subjetivismo que se instaló radicalmente en el arte moderno. Por eso, este arte se manifiesta personal e intimista.

Pero hay también momentos de la vida del artista, como ser humano, en que la eclosión colorista no encaja, y aparecen los blancos manchados, los azules grisáceos, tonos desvaídos, agudados, porque desde el hoyo psicológico en que se ha sumergido, no es posible contemplar la naturaleza de otra manera. Estoy convencido de que el ser humano, el artista, saldrá de esa situación reflexionando para llegar a experimentar el sentido auténtico de la belleza que nos rodea (n^{os} 8-12).

Ahora, corresponde examinar el cuadro en su organización, distribución de los elementos representados y la importancia del color y de la luz, que si en el 'bodegón' tradicional son decisivos, no lo son, aunque están presentes, en las composiciones con flores de C.C.X. Ya he dicho algo de la ausencia de notas, como el virtuosismo

tista pechado na súa alma', que decía José Camón Aznar. Todos estos efluvios poéticos teñen que ver coa emoción persoal experimentada en instantes concretos e seica, irrepetibles. E non descartemos, senón todo o contrario, que a interpretación da natureza que presenta C. C. X., a través da obra seleccionada para esta ocasión, débese ao subxectivismo que se instalou radicalmente na arte moderna. Por iso, esta arte maniféstase persoal e intimista.

Pero hai tamén momentos da vida do artista, como ser humano, en que a eclosión colorista non encaixa, e aparecen os brancos manchados, os azuis agrisados, tons desvaídos, augados, porque dende o foxo psicolóxico en que se mergullou, non é posible contemplar a natureza doutra maneira. Estou convencido de que o ser humano, o artista, sairá desesa situación reflexionando para chegar a experimentar o sentido auténtico da beleza que nos rodea (n^{os} 8-12).

Agora, corresponde examinar o cadro na súa organización, distribución dos elementos representados e a importancia da cor e da luz, que se no 'bode-

08 | *Florero, 5, con margaritas*
Floreiro, 5, con margaridas
Técnica mixta S/C. 42 x 30 cm. C.1990



técnico, basado en la representación de unos elementos que emergen de un fondo neutro, sobre los que se proyecta una luz intensa para destacar la rotunda presencia física, sensaciones táctiles, etc. En las composiciones de C.C. X. domina una permanente moderación, armoniosa disposición del conjunto de objetos: simetría, sobriedad compositiva, luz retenida, igual que los colores que salen al encuentro del contemplador.

gón' tradicional son decisivos, non o son, aínda que están presentes, nas composicións con flores de C.C.X. Xa dixen algo da ausencia de notas, como o virtuosismo técnico, baseado na representación duns elementos que emerxen dun fondo neutro, sobre os que se proxecta unha luz intensa para destacar a rotunda presenza física, sensacións táctiles, etc. Nas composicións de C.C.X. domina unha

09 | *Florero, 6: con dalias*
Floreiro, 6: con dalias
 Óleo S/T. 70 x 50 cm. 1999

10 | *Florero, 7: blanco sobre gris*
Floreiro, 7: branco sobre gris
 Técnica mixta S/C. 70 x 50 cm. C. 1999



Las composiciones con flores de C.C.X. mantienen una razonable simetría, ayudada mucho por la luz sobria y contenida, que llega a los objetos no para modelarlos, sino para situarlos en un espacio indefinido, sin alguna relación con la naturaleza exterior, pero espacio al fin, flores transportadas al interior de un habitáculo y disfrutar de todo aquello que la naturaleza suele prodigar: la belleza captada y gozada.

permanente moderación, harmoniosa disposición do conxunto de obxectos: simetría, sobriedade compositiva, luz retida, o mesmo que as cores, que saen ao encontro do contemplador.

As composicións con flores de C.C.X. manteñen unha razoable simetría, axudada moito pola luz sobria e contida, que chega aos obxectos non para

11 | *Florero, 8. Sensación en gris*
Floreiro, 8. Sensación en gris
Técnica mixta S/C. 74 x 45 cm. C.1990



Y para producir el efecto ilusión, porque el artista no hace de la naturaleza una reproducción rigurosa, sino que pretende crear una nueva realidad, ilusionante, o simplemente sugerida.

En este sentido, esta obra nos descubre aspectos importantes: originalidad, ejecución rápida, seguridad en el trazo, búsqueda de la esencia de los objetos representados, espontaneidad frente a minuciosidad y libertad.

modelalos, senón para situalos nun espazo indefinido, sen ningunha relación coa natureza exterior, pero espazo ao fin, flores transportadas ao interior dun habitáculo e gozar de todo aquilo que a natureza adoita prodigar: a beleza captada e gozada. E para producir o efecto ilusión, porque o artista non fai da natureza unha reproducción rigurosa, senón que pretende crear unha nova realidade, ilusionante, ou simplemente suxerida.

Neste sentido, esta obra descóbrenos aspectos importantes: orixinalidade, execución rápida, seguridade no trazo, procura da esencia dos obxectos representados, espontaneidade fronte a minuciosidade e liberdade.





FLOREIRO, BOTELLA, COPA-VASO, FRUTAS

FLOREIRO, BOTELLA, COPA-VASO, FROITAS

Advertencia necesaria: la obra del artista aquí reproducida no tiene una equivalencia cronológica. Los nuevos elementos aparecidos no suponen una evolución estilística hacia un objetivo que está por llegar, pero aportan compositivamente alguna novedad y necesitan de algún concepto espacial que dé sentido al cuadro.

